

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE SAXOFÓN

---

**CURSO 2022/23**

**DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA  
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CARBALLIÑO**

## ÍNDICE

|   |    |
|---|----|
| 1. INTRODUCCIÓN .....   | 3  |
| 2. METODOLOXÍA .....  | 3  |
| 3. ATENCIÓN A DIVERSIDADE .....   | 4  |
| 4. TEMAS TRANSVERSAIS .....   | 5  |
| 4.1 EDUCACIÓN EN VALORES .....  | 5  |
| 4.2 TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's) ..... | 5  |
| 5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS .....                  | 6  |
| 6. GRAO ELEMENTAL .....   | 6  |
| 6.1 OBXECTIVOS XERAIS .....   | 6  |
| 6.2 CONTIDOS XERAIS .....   | 7  |
| 6.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....   | 8  |
| 7. SECUENCIACIÓN DO CURSO .....   | 9  |
| 7.1 CURSO PRIMEIRO .....  | 9  |
| 7.2 CURSO SEGUNDO .....   | 10 |
| 7.3 CURSO TERCEIRO .....  | 12 |
| 7.4 CURSO CUARTO .....  | 14 |
| 8. GRAO PROFESIONAL .....   | 16 |
| 8.1 OBXECTIVOS XERAIS .....   | 16 |
| 8.2 CONTIDOS XERAIS .....   | 17 |
| 8.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....   | 18 |
| 9. SECUENCIACIÓN DO CURSO .....   | 19 |
| 9.1 CURSO PRIMEIRO .....  | 19 |
| 9.2 CURSO SEGUNDO .....   | 21 |
| 9.3 CURSO TERCEIRO .....  | 23 |
| 9.4 CURSO CUARTO .....  | 25 |
| 9.5 CURSO QUINTO .....  | 27 |
| 9.6 CURSO SEXTO .....   | 29 |
| 10. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .....  | 31 |
| 11. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO .....    | 31 |

# 1. INTRODUCCIÓN

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao elemental:

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

# 2. METODOLOXÍA

A clase semanal cun só alumno permite facer un seguimento individualizado do alumnado tanto en rendemento como na progresión no seu estudo. Dito seguimento permitirá a adecuación e personalización dos procedementos e actividades a desenvolver en función das necesidades, progreso e capacidades do alumno.

Tendo en conta que a clase consta dunha hora semanal, tempo que queda escaso especialmente nos alumnos dos cursos máis avanzados, a optimización das sesións

deberá ser unha prioridade. Polo tanto, parte do tempo de clase dedicárase a fomentar hábitos e ferramentas que potencien a autonomía no estudo individual tanto en aspectos técnicos como nos musicais.

Doutro lado, a puntualidade é un aspecto importante na dita optimización do tempo, polo que tratarase de formar una conciencia da importancia da mesma é da necesidade de previsión xa que a montaxe, desmontaxe e transporte do instrumento require dun certo tempo.

Fomentar o interese e respecto polo seu tempo persoal de estudo, concienciar da importancia da realización das tarefas encomendadas para casa e establecer uns métodos e hábitos de estudo eficientes serán obxectivos prioritarios a desenvolver no alumno. A potenciación do sentido autocrítico tanto na interpretación como na actitude diante a materia fundamentará a consecución de ditos obxectivos.

A vocación do alumnado é outro factor que non se debe esquecer á hora de adoptar as medidas máis eficientes a aplicar en cada alumno. Diversos factores (idade, falta de información nas familias, etc.) poden facer que a continuidade a medio-largo prazo nos estudos musicais non estea totalmente definida. Procurárase en todo momento motivar ao alumnado de cara a un maior rendemento e a reforzar dita vocación.

O contacto coas familias dos alumnos será de vital importancia para orientar o seu papel no desenvolvemento da formación musical do alumno.

### 3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- 1) Adaptacións do materias didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.

- 2) Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada a uno.
- 3) Proponer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con exixencias distintas.
- 4) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- 5) Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.
- 6) A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

## **4. TEMAS TRANSVERSAIS**

### **4.1 EDUCACIÓN EN VALORES**

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade. O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

### **4.2 TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's)**

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínquese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa

empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (vídeo cámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc.) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno. O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

## **5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS**

Os alumnos participarán nas audicións no caso de que o profesor o considere oportuno.

## **6. GRAO ELEMENTAL**

### **6.1 OBXECTIVOS XERAIS**

O ensino de instrumentos de vento madeira no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente de afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical.
- Coñecer a montaxe e a fabricación das lingüetas e poder rebaixalas para o seu correcto funcionamento (instrumentos de lingüeta dobre).
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

## 6.2 CONTIDOS XERAIS

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Exercicios de respiración sen instrumento e con el (notas tidas controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire).
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.
- Práctica de escalas e intervalos (terceiras, cuartas), controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.
- Emisión do son en relación coas dinámicas e alturas.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, as articulacións, os trinos, etc.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura á vista de obras e de fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.

— Selección progresiva canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

## 6.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

— Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.

— Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

— Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

— Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

— Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

— Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

— Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.



## 7. SECUENCIACIÓN DO CURSO

### 7.1 CURSO PRIMEIRO

#### OBXECTIVOS

- Adquirir unha posición correcta do instrumento e do instrumentista.
- Coñecer as dixitacións elementais.
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria (diafragmática).
- Controlar os músculos que forman a embocadura (máscara facial) de maneira que posibiliten unha correcta emisión e flexibilidade.
- Coñecer e practicar os sons do saxofón nas súas dixitacións elementais.
- Iniciar a afinación.
- Iniciar ao alumno no picado.
- Iniciar no alumno o sentido da afinación.
- Desenvolar a psicomotricidade no dominio de elementos que interfíren na interpretación musical.
- Iniciar ao alumno na interpretación dalgúns textos musicais.
- Iniciar ao alumno na práctica da música colectiva.

#### CONTIDOS

- Exercicios de respiración, con e sen instrumento.
- Exercicios de embocadura, emisión e control do aire.
- Exercicios de calidade do son nos distintos rexistros do saxofón.
- Exercicios de memorización.
- Exercicios de interpretación para chegar a unha comprensión consciente e non intuitiva das distintas estruturas musicais.
- Práctica das distintas escalas diatónicas e arpexos.
- Exercicios de afinación.

#### RECURSOS METODOLÓXICOS

El Saxofón y Yo A.L. de la Rosa/J.J. Librado  
L'École Française du Saxophone (Vol 1) R. Druet

Ademais destes métodos e obras, o/a alumno/a poderá traballar outros de acordo coas súas necesidades pedagóxicas, sempre e cando así sexa considerado polo departamento.

## **OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS RECURSOS METODOLÓXICOS EMPREGADOS**

### **Primeira avaliación**

Interpretar de memoria as escalas e arpxos de Do M e cromática ata Do agudo (q =108).

El Saxofón y Yo (exerc. 1-10) A.L. de la Rosa/J.J. Librado

L'Ecole Francaise du Saxophone (exerc. 1-61) R. Druet

### **Segunda avaliación**

Interpretar de memoria as escalas e arpxos de Sol M, Fa M, e cromática ata Do agudo (q =108).

El Saxofón y Yo (exerc. 11-18) A.L. de la Rosa/J.J. Librado

L'Ecole Francaise du Saxophone (exerc. 62-128) R. Druet

### **Terceira avaliación**

Interpretar de memoria as escalas e arpxos de Re M, Sib M e cromática ata Do agudo (q =108).

El Saxofón y Yo (exerc. 19-25) A.L. de la Rosa/J.J. Librado

L'Ecole Francaise du Saxophone (exerc. 129-169) R. Druet

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ademais dos criterios xerais establecidos para o grao elemental, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, so se promocionará ao curso seguinte se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.

## **7.2 CURSO SEGUNDO**

### **OBXECTIVOS**

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura e emisión.
- Identificar as distintas alturas do son.
- Adquirir unha técnica de estudo que permita obter un rendemento positivo.
- Desenrolar a capacidade auditiva e rítmica.

- Introducir ao alumno nas distintas dinámicas.
- Interpretar artisticamente algúns textos musicais.
- Iniciar ao alumno na memorización dalgúns textos musicais.

## CONTIDOS

- Exercicios de respiración con e sen instrumento.
- Exercicios de embocadura e de emisión do son
- Exercicios de afinación e de calidade do son.
- Práctica das escalas e arpejos controlando a emisión en diferentes dinámicas, alturas e articulacións.
- Exercicios de mecanismo.
- Exercicios de interpretación e memorización.
- Música colectiva para desenrolar a afinación, axuste e precisión.
- Técnicas de estudo.

## RECURSOS METODOLÓXICOS

50 Etudes Faciles et Progressives (Vol 1) G. Lacour

29 Études Progressives. H. Prati

Melodie (Mib) Ph. Rougeron

Adagio (Mib) A. Corelli

Bagatelle (Mib e Sib) M. Perrin

Concertino nº 25 (Sib) J. Porret

Wood Wind (Sib) J. Montero

Ademais destes métodos e obras, o/a alumno/a poderá traballar outros de acordo coas súas necesidades pedagóxicas, sempre e cando así sexa considerado polo departamento.

## OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS RECURSOS METODOLÓXICOS EMPREGADOS

### Primeira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e os seus respectivos arpejos nas tonalidades ata dúas alteracións propias (en corcheas) e cromática ata Fa# agudo (q =80).

50 Etudes Faciles (exerc. 1-9) G. Lacour

29 Études Progressives (exerc. 1-10) H. Prati

Bagatelle (Mib e Sib) M. Perrin

## Segunda avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e os seus respectivos arpexos nas tonalidades ata tres alteracións propias (en corcheas) e cromática ata Fa# agudo (q =80).

50 Études Faciles (exerc. 10-17) G. Lacour

29 Études Progressives (exerc. 11-20) H. Prati

Adagio (Mib) A. Corelli

Concertino nº 25 (Sib) J. Porret

## Terceira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e os seus respectivos arpexos nas tonalidades ata catro alteracións propias (en corcheas) e cromática ata Fa# agudo (q =80).

50 Études Faciles (exerc. 18-25) G. Lacour

29 Études Progressives (exerc. 21-29) H. Prati

Melodie (Mib) Ph. Rougeron

Wood Wind (Sib) J. Montero

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ademais dos criterios xerais establecidos para o grao elemental, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, so se promocionará ao curso seguinte se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.

## 7.3 CURSO TERCEIRO

### OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura e emisión.
- Ler a primeira vista pequenos fragmentos.
- Iniciar o coñecemento de distintas estruturas musicais (melodía, harmonía, etc.).
- Memorizar algúns textos musicais.
- Desenrolar o sentido da afinación e a calidade do son.
- Interpretar os textos musicais cun fraseo e articulación correctos.
- Adquirir unha técnica de estudo que permita obter un rendemento positivo.

## CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Práctica das escalas diatónicas maiores e menores con diferentes articulacións.
- Exercicios de mecanismo.
- Exercicios de articulación.
- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Exercicios de interpretación e memorización.
- Técnicas de estudo.
- Música colectiva

## RECURSOS METODOLÓXICOS

Quinze Petites Pieces en forme d'études M. Meriot

17 Etudes Faciles et Progressives H. Prati

Aria (Mib) J. M. Leclair

Romance Celebre (Mib) Martini

Fan´ Jazz (Mib e Sib) R. Bariller

Scherzetto (Sib) J. S. Bach

NoNTENDO DiSo (Sib) J. Montero

Ademais destes métodos e obras, o/a alumno/a poderá traballar outros de acordo coas súas necesidades pedagóxicas, sempre e cando así sexa considerado polo departamento.

## OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS RECURSOS METODOLÓXICOS EMPREGADOS

### Primeira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpejos nas tonalidades ata dúas alteracións propias (en corcheas) e cromática ata Fa# agudo (q =112).

17 Etudes Faciles et Progressives (exerc. 1-5) H. Prati

Quinze Petites Pieces en forme d'études (exerc. 1-5) M. Meriot

Romance célèbre (Mib) Martini

NoNTENDO DiSo (Sib) J. Montero

## Segunda avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpejos nas tonalidades ata tres alteracións propias (en corcheas) e cromática ata Fa# agudo (q =112).

17 Etudes Faciles et Progressives (exec. 6-11) H. Prati

Quinze Petites Pieces en forme d'études (exerc. 6-10) M. Meriot

Fan' Jazz (Mib e Sib) R. Bariller

## Terceira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpejos nas tonalidades ata catro alteracións propias (en corcheas) e cromática ata Fa# agudo (q =112).

17 Etudes Faciles et Progressives (exerc. 12-17) H. Prati

Quinze Petites Pieces en forme d'études (exerc. 11-15) M. Meriot

Aria (Mib) J. M. Leclair

Scherzetto (Sib) J. S. Bach

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ademais dos criterios xerais establecidos para o grao elemental, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, so se promocionará ao curso seguinte se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.

## 7.4 CURSO CUARTO

### OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Coñecer os adornos máis elementais.
- Adquirir unha técnica de estudo rentable.
- Iniciar ao alumno no vibrato.
- Interpretar os distintos estilos musicais empregando a medida, afinación, fraseo e articulación correctamente.
- Memorizar textos musicais.
- Consolidar una técnica de base ampla a fin de afrontar o grao profesional dun xeito óptimo.

## CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión, afinación e dinámicas.
- Exercicios de mecanismo e precisión rítmica.
- Práctica das escalas diatónicas maiores e menores en diferentes articulacións e dinámicas.
- Exercicios de interpretación.
- Exercicios de articulación.
- Exercicios de relaxación.
- Música colectiva.
- Adestramento da memoria.
- Coñecemento dalgúns aspectos acústicos e históricos do saxofón.
- Lectura á vista.

## RECURSOS METODOLÓXICOS

24 Etudes Faciles según Samie M. Mule  
50 Etudes Faciles et Progressives (Vol 2) G. Lacour  
Aria (Mi b) E. Bozza  
Chanson de Printemps (Mib) Mendelssohn  
Petite Valse (Mi b) Beethoven  
Tambourin (Sib) J. P. Rameau  
Concertino N° 26 (Sib) J. Porret  
4° Solo de concerto (Sib) J.B. Singelee

Ademais destes métodos e obras, o/a alumno/a poderá traballar outros de acordo coas súas necesidades pedagóxicas, sempre e cando así sexa considerado polo departamento.

## OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS RECURSOS METODOLÓXICOS EMPREGADOS

### Primeira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpejos nas tonalidades ata dúas alteracións propias (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q=72).

24 Etudes Faciles según Samie (exerc. 7-12) M. Mule  
50 Etudes Faciles et Progressives (vol 2º) (exerc. 26-34) G. Lacour  
Chanson de Printemps (Mib) Mendelssohn  
Tambourin (Sib) J. P. Ramea

## Segunda avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpejos nas tonalidades ata tres alteracións propias (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q=72).

24 Etudes Faciles según Samie (exerc. 13-18) M. Mule

50 Etudes Faciles et Progressives (vol 2º) (exerc. 35-42) G. Lacour

Petite Valse (Mi b) Beethoven

4º Solo de concerto (Sib) J.B. Singelee

## Terceira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpejos nas tonalidades ata catro alteracións propias (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q=72).

24 Etudes Faciles según Samie (exerc. 19-24) M. Mule

50 Etudes Faciles et Progressives (vol 2º) (exerc. 43-50) G. Lacour

Aria (Mib) E. Bozza

Concertino Nº 26 (Sib) J. Porret

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ademais dos criterios xerais establecidos para o grao elemental, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, so se promocionará ao curso seguinte se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.

# 8. GRAO PROFESIONAL

## 8.1 OBXECTIVOS XERAIS

As ensinanzas dos instrumentos de vento-madeira (fruta traveseira, óboe, clarinete, fagot e saxofón) dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.



- c) Practicar a fabricación de lingüetas dobres (para os instrumentos que as teñen).
- d) Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: Dixitación, articulación, fraseo, etc.
- e) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

## 8.2 CONTIDOS XERAIS

- Desenvolvemento en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles (velocidade en legato, nos distintos «estaccatos», nos saltos, etc.).
- Afondamento no estudo do vibrato de acordo coas esixencias interpretativas dos diferentes estilos.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- Estudo do rexistro sobreagudo nos instrumentos que o utilizan.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver ao máximo o sentido da harmonía, a afinación, o ritmo, etc.
- Estudo do repertorio solístico con orquestra de diferentes épocas correspondente a cada instrumento.
- Estudo dos instrumentos afines.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das grafías e efectos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

## 8.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
- 2) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- 3) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- 4) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.
- 5) Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura a primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.
- 6) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- 7) Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.
- 8) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
- 9) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e a capacidade de autocrítica.
- 10) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística.

## 9. SECUENCIACIÓN DO CURSO

### 9.1 CURSO PRIMEIRO

#### OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Empregar o vibrato e os distintos matices para dar cor e expresión á interpretación.
- Adquirir unha técnica de estudo rentable.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Memorizar textos musicais de proporcións cada vez maiores.

#### CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Exercicios de mecanismo e velocidade.
- Práctica das escalas diatónicas e cromática cós seus respectivos arpejos aumentando progresivamente a velocidade.
- Exercicios de interpretación.
- Exercicios de articulación e ritmo.
- Técnicas de estudo.
- Coñecemento dalgúns aspectos acústicos e históricos do saxofón.

#### RECURSOS METODOLÓXICOS

60 Etudes W. Ferling  
35 Etudes Techniques R. Decouais  
Pastoral (Mib) G.F. Haendel  
Chanson et Passepied (Mi b) J. Rueff  
Piece en forme de Habanera (Mib) M. Ravel  
Sonate N° 1 (Si b) G. F. Haendel  
Allegro Spiritoso (Sib) J.B. Senaillé  
6° Solo de concerto (Sib) J.B. Singelee

Ademais destes métodos e obras, o/a alumno/a poderá traballar outros de acordo coas súas necesidades pedagóxicas, sempre e cando así sexa considerado polo departamento.

## **OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS RECURSOS METODOLÓXICOS EMPREGADOS**

### **Primeira avaliación**

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpexos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 92).

60 Etudes (exerc. 1-6) W. Ferling

35 Etudes Techniques (exerc. 1-12) R. Decouais

Pastoral (Mib) G.F. Haendel

Sonate nº 1 (Si b) G. F. Haendel

### **Segunda avaliación**

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpexos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 92).

60 Etudes (exerc. 7-12) W. Ferling

35 Etudes Techniques (exerc. 13-24) R. Decouais

Piece en forme de Habanera (Mib) M. Ravel

Allegro Spiritoso (Sib) J.B. Senaillé

### **Terceira avaliación**

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpexos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 92).

60 Etudes (exerc. 13-18) W. Ferling

35 Etudes Techniques (exerc. 25-35) R. Decouais

Chanson et Passepied (Mi b) J. Rueff

6º Solo de concerto (Sib) J.B. Singelee

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ademais dos criterios xerais establecidos para o grao medio, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, so se promocionará ao curso seguinte se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.

## 9.2 CURSO SEGUNDO

### OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Empregar o vibrato e os distintos matices para dar cor e expresión á interpretación.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir unha técnica de estudo rentable.
- Desenrolar a afinación.
- Iniciar a música contemporánea.

### CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Exercicios de mecanismo.
- Práctica das escalas diatónicas e cromática cós seus respectivos arpejos aumentando progresivamente a velocidade con distintas articulacións, dinámicas e ritmos.
- Exercicios de interpretación.
- Exercicios de articulación.
- Técnicas de estudo.
- Coñecemento dalgúns aspectos acústicos e históricos do saxofón.

### RECURSOS METODOLÓXICOS

Dix Huit Exercices ou Etudes -Berbiguier- M. Mule  
60 Etudes W. Ferling  
Fantaisie-Improptu (Mib) A. Jolivet  
Concierto (Mib) R. Binge  
Seaodie I (Mib) F. Rosse  
Sonate N° 6 (Sib) A. Vivaldi  
Octophonie (Sib) G. Lacour  
Premier Solo (Andante et Bolero) (Sib) J. Demersseman

Ademais destes métodos e obras, o/a alumno/a poderá traballar outros de acordo coas súas necesidades pedagóxicas, sempre e cando así sexa considerado polo departamento.

## OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS RECURSOS METODOLÓXICOS EMPREGADOS

### Primeira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpexos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 104).

Dix Huit Exercices ou Etudes -Berbiguier- (exerc. 1-4) M. Mule

60 Etudes (exerc. 19-27) W. Ferling

Fantaisie-Improptu (Mib) A. Jolivet

Sonate Nº 6 (Sib) A. Vivaldi

### Segunda avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpexos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 104).

Dix Huit Exercices ou Etudes -Berbiguier- (exerc. 5,6,7 e 9) M. Mule

60 Etudes (exerc. 28-36) W. Ferling

Concierto (Mib) R. Binge

Octophonie (Sib) G. Lacour

### Terceira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores cós seus respectivos arpexos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 104).

Dix Huit Exercices ou Etudes -Berbiguier- (exerc. 10,13,14 e 16) M. Mule

60 Etudes (exerc. 37-44) W. Ferling

Seaodie I (Mib) F. Rosse

Premier Solo (Andante et Boléro) (Sib) J. Demersseman

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ademais dos criterios xerais establecidos para o grao medio, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, so se promocionará ao curso seguinte se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.

## 9.3 CURSO TERCEIRO

### OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Empregar o vibrato e os distintos matices para dar cor e expresión á interpretación.
- Introducir o rexistro sobreagudo.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir unha técnica de estudo rentable.
- Desenrolar a música contemporánea.

### CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Exercicios de mecanismo.
- Práctica das escalas en intervalos de terceira, incluíndo distintas articulacións, dinámicas e ritmos.
- Exercicios de interpretación.
- Exercicios de articulación.
- Técnicas de estudo.
- Coñecemento dalgúns aspectos acústicos e históricos do saxofón.

### RECURSOS METODOLÓXICOS

16 Etudes Rytmo-Techniques G. Senon  
Approche de la Musique Contemporaine (Vol 1) H. Prati  
Fantaisie (Mi b) J. Demersseman  
Ballade (Mib) H. Tomasi  
Improvisation I,II,III (Mib) R. Noda  
Petite Suite (Sib) M. Querat  
Saxoveloce (Sib) P. Durand  
Ixor (Sib) G. Scelsi

Ademais destes métodos e obras, o/a alumno/a poderá traballar outros de acordo coas súas necesidades pedagóxicas, sempre e cando así sexa considerado polo departamento.

## **OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS RECURSOS METODOLÓXICOS EMPREGADOS**

### **Primeira avaliación**

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira, cós seus respectivos arpexos (7<sup>a</sup> Dom. e 7<sup>a</sup> Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 112).

16 Etudes Rytmo-Techniques (exerc. 1-6) G. Senon

Approche de la Musique Contemporaine (Vol 1) (exerc. 1-5) H. Prati

Fantaisie (Mi b) J. Demersseman

Petite Suite (Sib) M. Querat

### **Segunda avaliación**

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira, cós seus respectivos arpexos (7<sup>a</sup> Dom. e 7<sup>a</sup> Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 112).

16 Etudes Rytmo-Techniques (exerc. 7-11) G. Senon

Approche de la Musique Contemporaine (Vol 1) (exerc. 6-10) H. Prati

Improvisation I,II,III (Mib) R. Noda

Saxoveloce (Sib) P. Durand

### **Terceira avaliación**

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira, cós seus respectivos arpexos (7<sup>a</sup> Dom. e 7<sup>a</sup> Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 112).

16 Etudes Rytmo-Techniques (exerc. 12-16) G. Senon

Approche de la Musique Contemporaine (Vol 1) (exerc. 11-15) H. Prati

Ballade (Mib) H. Tomasi

Ixor (Sib) G. Scelsi

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ademais dos criterios xerais establecidos para o grao medio, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, so se promocionará ao curso seguinte se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.



## 9.4 CURSO CUARTO

### OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Dominar o vibrato para definir os diferentes estilos musicais.
- Practicar e dominar o rexistro sobreagudo.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir unha técnica de estudo rentable.
- Practicar a música contemporánea e as distintas técnicas.

### CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Práctica das escalas diatónicas en intervalos de terceira aumentando progresivamente a velocidade, incluíndo distintas articulacións, dinámicas e ritmos.
- Exercicios de interpretación.
- Exercicios de articulación.
- Técnicas de estudo.
- Coñecemento dalgúns aspectos acústicos e históricos do saxofón.

### RECURSOS METODOLÓXICOS

53 estudos según Boehm, Terschak e Furstenau (Vol. 1º) M. Mule  
Aphorismes VII E. Rolin  
Sonata (Mib) P. Hindemith  
Rapsodie (Mib) Edit. H. Lemoine C. Debussy  
Suite nº 1 (Mib e Sib) J.S. Bach  
Concerto (Sib) J.H. Fiocco  
Sonate (Sib) H. Genzmer

Ademais destes métodos e obras, o/a alumno/a poderá traballar outros de acordo coas súas necesidades pedagóxicas, sempre e cando así sexa considerado polo departamento.

## OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS RECURSOS METODOLÓXICOS EMPREGADOS

### Primeira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira, cós seus respectivos arpejos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 120).

53 estudos según Boehm, Terschak e Furstenau (exerc. 1-6) M. Mule

Aphorismes VII (exerc. A,B e C) E. Rolin

Rapsodie (Mib) (Edit. H. Lemoine) C. Debussy

Concerto (Sib) J.H. Fiocco

### Segunda avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira, cós seus respectivos arpejos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 120).

53 estudos según Boehm, Terschak e Furstenau (exerc. 7-12) M. Mule

Aphorismes VII (exerc. D,E,F e G) E. Rolin

Sonata (Mi b) P. Hindemith

Sonate (Si b) H. Genzmer

### Terceira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira, cós seus respectivos arpejos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 120).

53 estudos según Boehm, Terschak e Furstenau (exerc. 13-18) M. Mule

Aphorismes VII (exerc. H,I e J) E. Rolin

Suite nº 1(Mib e Sib) J.S. Bach

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ademais dos criterios xerais establecidos para o grao medio, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, so se promocionará ao curso seguinte se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.

## 9.5 CURSO QUINTO

### OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Practicar con distintos membros da familia do saxofón.
- Desenrolar e perfeccionar o rexistro sobreagudo.
- Dominar as escalas diatónicas maiores e menores, en todas as tonalidades e en intervalos de terceira e cuarta, combinando distintos ritmos, articulacións e dinámicas.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir unha técnica de estudo rentable.
- Desenrolar a música contemporánea e as novas técnicas interpretativas.

### CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Exercicios de mecanismo. Escala cromática e diatónicas en intervalos de terceira e cuarta e arpejos (7ª Dominante e 7ª Diminuída).
- Exercicios de interpretación.
- Exercicios de articulación.
- Técnicas de estudo.
- Coñecemento dalgúns aspectos acústicos e históricos do saxofón.

### RECURSOS METODOLÓXICOS

Etudes Variées M. Mule

Aphorismes II E. Rolin

Neuf Etudes (Book I para Mib e Book II para Sib) C. Lauba

Scaramouche (Mi b) D. Milhaud

Concerto (Mib) A. Glazounov

Lobuk Constrictor (Mib) F. Rosse

Sonate (Sib) W. Hartley

Sonate (Sib) J. Di Pasquale

Piece Concertante (Sib) G. Lacour

Ademais destes métodos e obras, o/a alumno/a poderá traballar outros de acordo coas súas necesidades pedagóxicas, sempre e cando así sexa considerado polo departamento.

## OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS RECURSOS METODOLÓXICOS EMPREGADOS

### Primeira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta, cós seus respectivos arpejos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 126).

Etudes Variees (exerc. 1-7) M. Mule

Aphorismes II (exerc. D,E e F) (saxo alto) E. Rolin

Neuf Etudes (Book II -Gyn, Vir) (saxo tenor) C. Lauba

Concerto (Mib) A. Glazounov

Sonate (Sib) W. Hartley

### Segunda avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta, cós seus respectivos arpejos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 126).

Etudes Variees (exerc. 8-15) M. Mule

Aphorismes II (exerc. A,B e C) (saxo soprano) E. Rolin

Neuf Etudes (Book I -Savane, Balafon) (saxo alto) C. Lauba

Scaramouche (Mi b) D. Milhaud

Piece Concertante (Sib) G. Lacour

### Terceira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta, cós seus respectivos arpejos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 126).

Etudes Variees (exerc. 16-22) M. Mule

Aphorismes II (exerc. G,H e I) E. Rolin

Lobuk Constrictor (Mib) F. Rosse

Sonate (Sib) J. Di Pasquale

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ademais dos criterios xerais establecidos para o grao medio, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, so se promocionará ao curso seguinte se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.

## 9.6 CURSO SEXTO

### OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Practicar con distintos membros da familia do saxofón.
- Desenrolar e perfeccionar o rexistro sobreagudo.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir unha técnica de estudo rentable.
- Desenrolar a interpretación da música contemporánea.

### CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Exercicios de mecanismo. Escala cromática ata o Re# sobreagudo e escalas diatónicas maiores e menores en todas as tonalidades e en intervalos de terceira e cuarta e arpejos (7ª Dominante e 7ª Diminuída), combinando distintos ritmos, articulacións e dinámicas.
- Exercicios de interpretación.
- Exercicios de articulación.
- Técnicas de estudo.
- Coñecemento dalgúns aspectos acústicos e históricos do saxofón.

### RECURSOS METODOLÓXICOS

28 Etudes G. Lacour  
Neue Etudes Variees J. M. Londeix  
Sonata (Mi b) P. Creston  
Divertimento (Mi b) R. Boutry  
Gavambodi 2 (Mib) J. Charpentier  
Concertino (Si b) P. Harvey  
Episodie Quatrieme (Si b) B. Jolas  
Fantasía (Si b) H. Villa-Lobos

Ademais destes métodos e obras, o/a alumno/a poderá traballar outros de acordo coas súas necesidades pedagóxicas, sempre e cando así sexa considerado polo departamento.

## OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS RECURSOS METODOLÓXICOS EMPREGADOS

### Primeira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta, cós seus respectivos arpejos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 132).

28 Etudes (exerc. 1-9) G. Lacour

Neue Etudes Variees (exerc. III, XIV, XVII) J. M. Londeix

Sonata (Mi b) P. Creston

Episodie Quatrieme (Si b) B. Jolas

### Segunda avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta, cós seus respectivos arpejos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 132).

28 Etudes (exerc. 10-19) G. Lacour

Neue Etudes Variees (exerc. IV, V, XIII) J. M. Londeix

Divertimento (Mi b) R. Boutry

Concertino (Si b) P. Harvey

### Terceira avaliación

Interpretar de memoria as escalas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta, cós seus respectivos arpejos (7ª Dom. e 7ª Dis.) en todas as tonalidades (en semicorcheas) e cromática ata Fa# agudo (q = 132).

28 Etudes (exerc. 20-28) G. Lacour

Neue Etudes Variees (exerc. VI, VII, VIII) J. M. Londeix

Gavambodi 2 (Mib) J. Charpentier

Fantasia (Si b) H. Villa-Lobos

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ademais dos criterios xerais establecidos para o grao medio, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, so se promocionará ao curso seguinte se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.

## **10. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

Durante o presente curso destinarase un tempo para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Nesta valoración inclúiranse os obxectivos non acadados de cada unha das especialidades.

## **11. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.**

Ao remate de cada trimestre valorarase o funcionamento interno do departamento en función dos datos obxectivos recollidos polo mesmo. Cada departamento utilizará o sistema máis axeitado para realizar dita valoración.